



LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Angel Vázquez Barquiero
D. José Tojo Suárez
D. Manuel González Piñeiro
D. José Barreiro Somoza
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Xulio Pardellas de Blas
D. Andrés Ramón Trillo García
D. Xosé Luís Legido Soto
D. Alberto Alonso Costas
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
Dª Carmen Becerra Suárez
D. Luis Bernal Conde
D. José Luis Capelo Martínez
D. José Chavete Rodríguez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Alfonso Cid Sabucedo
D. José Mª Correa Otero
D. Antón Fernández Alvarez
Dª Esperanza Fernández Gómez
D. Joél Fernández Soto
D. Manuel Xesús Fontán Bouzas
D. José Mª Gil Villanueva
D. José Antonio Gómez Barbeito
D. Alejandro V. Gómez Soler
Dª Laura González Novoa
Dª Mª do Carmo Henríquez Salido
D. Juan Janeiro Vilaboa
D. Manuel López Iglesias
Dª Mª del Pilar López Vidal
D. José Mira Penedo
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Guillermo de Oca Cancela
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Mariano P-Mtnez. y P-Amor
Dª Ana Belén Reboredo Fernández
Dª Mª Anunciación Rapina Pérez
D. Luis Rodríguez Ennes
D. Celso Rodríguez Fernández
D. Eduardo Rubiales Camino
D. José A. Sampayo Fernández
D. José Manuel Santos Suárez
D. Francisco Tugores Martorell
Dª Mª Teresa Viñas Gil
Dª Asunción García Carro (UXT)
D. José A. Veiro García (CC.OO.)
D. Horacio A. Villar Suárez (CIG)

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o dezaseis de outubro de mil novecentos noventa e sete, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O xoves, **día 16 de outubro de 1997**, ás 10.35 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, de Actas de sesións anteriores (02.07.97, 21.07.97 e 30.07.97).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Emisión, se procede, de informe favorable de nomeamento de Xerente, na persoa de D. Andrés Ramón Trillo García (Estatutos, artigo 116.1)
- 4º.- Asuntos de Profesorado: a) Prazas BOE; b) Transformacións; c) Cambios de área; d) Permisos; e) Ano Sabático, f) Visitantes, e g) Comisións de servicio.
- 5º.- Aprobación, se procede, do Regulamento do Instituto de Electrónica Aplicada Pedro Barrié de la Maza.
- 6º.- Asuntos do Vicerrectorado de Ordenación Universitaria: a) Aprobación, se procede, dos Másters: "Dirección e xestión de Cooperativas e PYMES" e "Interuniversitario de Ensinanza do Inglés coma Lingua estranxeira"; b) Aprobación, se procede, de materias optativas e de libre configuración.
- 7º.- Elección do Xurado de Bolsas.
- 8º.- Renovación de membros nas distintas Comisións: a) Docencia, b) Innovación Educativa e Estudiantes, c) Asuntos Económicos, d) Extensión Universitaria, e) Ordenación Académica e Validacións, e f) Doutoramento.
- 9º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez e actúa coma Secretario o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

No punto 1 e no que se refire ó anexo II da acta do 02-07-97, na páxina correspondente a "Materias de libre elección propias do ámbito científico", Técnicas de animación infográfica, onde di Campus Ourense, alumnos 50, ten que dicir "**Campus Ourense, alumnos 25**"; e na páxina 7, Campus Pontevedra, na materia específica de libre elección nº código 203010001 Lingua Inglesa I, onde di alumnos 125, ten que dicir "**alumnos 250**", e nº código 203010016 Introducción ó análise de datos por ordenador onde di Tod.exc.Hum e Xur.Social, ten que dicir "**Tódalas titulacións**".

Na acta do 21 de xullo de 1997 non consta a intervención do profesor Pérez-Martínez e Pérez-Amor que fai constar que "da Comisión non debería formar parte ningún membro da Comisión de Reclamacións, para que non sexa xuíz e parte".

Apróbanse as actas, 02-07-97, 21-07-97 e 30-07-97, coas modificacións que se reflictan nas definitivas.

No punto 2, o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, informa dos seguintes asuntos:

- da situación da titulación de Filoloxía Galega, explicando os acordos acadados no ano 1993 entre os 3 Rectores e o Conselleiro de Educación e ratificado despois polo Consello da Xunta de Galicia, nos que xa expresaban claramente que ningún campus podería ter máis de 3 titulacións de 2º ciclo; isto supón que o traslado de Filoloxía Galega ó campus de Vigo outorga outra titulación superior ó campus de Pontevedra;
- sobre a subida dos prezos nos estudos dos títulos oficiais do curso 97/98, que será do 1,7% correspondente o incremento anual do IPC;
- sobre a petición da Titulación de Medicina para o campus de Vigo, o Rector explicou que existe un acordo da Xunta de Goberno do ano 1991 para pedir esta titulación, polo tanto é a súa obriga defender este acordo no caso de que se expuxera no Consello Universitario de Galicia; o Rector valorou de xeito moi positivo as declaracíons do Valedor do Pobo nas que reclamou un plano de financiamento para as Universidades galegas;
- sobre as distintas obras que se están a facer na Universidade, indicando que o edificio de Ciencias Sociais (Pontevedra) está en marcha, así como as ampliacións da E.U. de Enxeñería Técnica Industrial e a E.U. de Estudios Empresariais; as obras do edificio da Facultade de Dereito e da E.U. de Estudios Empresariais de Ourense quedarán adxudicadas proximamente e moi probablemente que os traballos comecen no mes de novembro; tamén o edificio da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e de Dereito Económico no campus de Vigo está a punto de saír a concurso público o proxecto definitivo;
- de que nunha próxima Xunta de Goberno tratarase o tema exposto pola profesora Henríquez Salido.

O profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor fai constar, no que atinxe á titulación de Medicina, que se debería contar con tódolos medios posibles para consegui-la dita titulación para a Universidade de Vigo. Pide ó Sr. Rector que se sume con entusiasmo a este pedimento.

O profesor Outes Russo tamén referíndose á Facultade de Medicina solicita en 1º lugar, un estudio económico da súa implantación e en 2º lugar, pide a racionalidade ou non de que existan 1, 2 ou 3 Facultades de Medicina na nosa Comunidade Autónoma.

No punto 3, emisión, se procede, de informe favorable de nomeamento de Xerente na persoa de D. Andrés Ramón Trillo García (Estatutos. artigo 116.1).

D. Horacio A. Villar Suárez solicita a retirada deste punto da Orde do día e o Sr. Rector non estima procedente a dita petición.

O Sr. Villar Suárez fai unhas consideracíons que figuran no anexo (anexo I).

Prodúcese de seguido a votación sobre a emisión do informe, co seguinte resultado:

- | | |
|----------------------|----------|
| -a favor da emisión: | 30 votos |
| -en contra: | 1 voto |
| -brancos: | 11 |

Apróbase a emisión de informe favorable no nomeamento de Xerente, na persoa de D. Andrés Ramón Trillo García (segundo o artigo 116.1 dos Estatutos), anexo II.

Dentro do **punto 4**, Asuntos de Profesorado, trátanse en primeiro lugar a saída a BOE de diferentes prazas.

Sobre a solicitude da praza de CAT-UN do Departamento X06 "Economía Aplicada" e da área 225 "Economía Aplicada", achégase un escrito (anexo III), presentado por D. Carlos María F-Jardón. O Director do Departamento, D. Alberto Gago Rodríguez explica que o proceso levado a cabo no Consello de Departamento, relativo a esta praza, axústase á normativa, polo que non atopa ningún motivo legal para modificar dito acordo.

Faise unha votación co seguintes resultado:

- | | |
|---------------------------------------|----------|
| -a favor da proposta da Comisión: | 10 votos |
| -a favor de devolvela ó Departamento: | 12 votos |
| -en branco: | 10 votos |

A praza de CAT-UN do Departamento X06 "Economía Aplicada" e da área 225 "Economía Aplicada", acórdase devolvela ó Departamento.

Apróbase a saída a BOE das seguintes prazas:

C01	050	TIT-UN	Vigo	Pombal Diego, Manuel Angel
C02	055	TIT-UN	Vigo	Rey Fraile, Manuel Angel
C03	060	TIT-UN	Ourense	Rúa Rodríguez, M ^a Luisa*

*"nesta praza, nos primeiros suplentes do Tribunal, rectificase e onde dicía Presidente D. Javier Avilés Puigvert, vocal D. Arturo Manjón Rubio pasa a dicir "Presidente D. Arturo Manjón Rubio, vocal D. Javier Avilés Puigvert"

C04	220	TIT-UN	Vigo	Yanes Puga, Miguel
C08	755	TIT-UN	Vigo	Tojo Suárez, M ^a Concepción
C09	760	TIT-UN	Vigo	Couce Fortúnez, M ^a Delfina
H06	575	TIT-UN	Vigo	Cabeza Pereiro, M ^a del Carmen
T03	590	TIT-UN	- - -	Míguez Tabarés, José Luis
T03	545	TIT-UN	Vigo	Fernández Vilán, José Antonio
T12	800	TIT-UN	Vigo	González Serrano, Francisco Javier
X10	105	TIT-UN	Pontevedra	Amorós Pons, Ana María
X10	675	TIT-UN	Pontevedra	García González, Aurora
C01	770	CAT-EU	Pontevedra	- - -
C01	413	TIT-EU	Pontevedra	González Nores, José Carlos
T01	305	TIT-EU	Vigo	Cerqueiro Pequeño, Jorge
T01	305	TIT-EU	Ourense	- - -
T03	545	TIT-EU	- - -	Gutiérrez Grande, Carlos
T10	595	TIT-EU	Vigo	- - - (méritos)

As dúas prazas do Dpto. X10 "Psicoloxía Evolutiva e Comunicación" e área 735 "Psicoloxía Evolutiva e da Educación", TIT-EU, Ourense, presentan un defecto de forma e non se enviarán a publicar ata que o Departamento non as reforme.

Apróbanse tamen as seguintes transformacións:

C01	060	García Estévez, José Manuel	de PP2 a TIT-UN(I)
C06	015	Fisteos Suengas, José	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
C06	015	Seoane González, Agustín	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
C06	015	Verdejo Rodríguez, Amelia	de ASO-T3 T a TIT-UN(I)
C08	755	Graña Rodríguez, Ana María	de PP2 a TIT-UN(I)
C08	765	Atanes Blanco, Nieves	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
C09	760	García Fontán, Mª Soledad	de PP2 a TIT-UN(I)
H04	345	Bringas López, Ana Mª	de PP1 a PP2
H04	345	Mcnicholls, Stuart John	de ASO-T3 T a TIT-EU(I)
H06	573	Fernández Hermida, Luisa Mª	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
T01	305	Bouza Rodríguez, José Benito	de PP1 a TIT-UN(I)
T04	555	Cameselle Fernández, Claudio	de PP2 a TIT-UN(I)
T04	555	Longo González, Mª Asunción	de PP2 a TIT-UN(I)
T05	065	Iglesias Rodríguez, Fernando	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
T05	065	Domínguez Martínez, José Fco.	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
T08	385	Fernández Doval, Angel Manuel	de PP1 a TIT-UN(I)
T12	800	Lorenzo Rodríguez, Mª Edita de	PP1 a TIT-UN(I)
X03	140	Fernández Castro, José Ramón	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
X03	140	Mourín González, Mª Teresa	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
X03	140	Narváez Bermejo, Miguel Angel	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3

Apróbase o cambio de área da profesora Dª Carmen Quinteiro Sandomingo da área 015 "Análise Matemática" á área 005 "Álgebra".

Apróbase a concesión dos seguintes permisos:

Sieiro Vázquez, Mª del Carmen	do 10.11.97 ó 10.02.98
Bernabeu Tello, Ana M.	do 01.10.97 ó 31.12.97
Souto Otero, José Carlos	do 01.12.97 ó 01.03.98
García Sánchez Manuel	do 15.04.98 ó 15.07.98

Sobre a solicitude de ano sabático ó catedrático de Escultura da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, D. Juan Fernando de Laiglesia González de Peredo, faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor da concesión:	19 votos
-en contra:	4 votos
-brancos:	3

Apróbase a concesión de ano sabático ó profesor D. Juan Fernando de Laiglesia González de Peredo para o curso 97/98.

Apróbase a contratación dos seguintes profesores visitantes:

- D. Doroteo Arnáiz Abejón, coa retribución de TIT-EU
- D. James H.C. Stillwell, coa retribución de TIT-EU
- Dª Gloria Liliana Marrocco-Maffei, coa retribución de PP1
- D. Wojciech Wojtyński, coa retribución de TIT-UN
- D. Daniel G. Miles Touya, coa retribución de PP1

Sobre a prorroga da Comisión de servicio na Universidade da Coruña ó profesor D. Carlos

Vázquez Cendón, faise unha votación:

-a favor da concesión da prórroga:	17 votos
-en contra:	3 votos
-brancos:	10

Apróbase a concesión da prórroga.

A outra solicitude de prórroga á Universidade da Coruña da comisión de servicios para o curso 97/98, a D. Eduardo Martínez Brey, apróbase.

No punto 5, presenta o Regulamento do Instituto de Electrónica Aplicada "Pedro Barrié de la Maza" o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto.

Apróbase por asentimento (anexo IV).

Presenta dentro do punto 6 o Máster en "Dirección e xestión de Cooperativas e PYMES" o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Manuel González Piñeiro; apróbase por asentimento (anexo V).

Presenta o Máster "Interuniversitario de Ensinanza do Inglés coma Lingua estranxeira" a profesora Dona Marta Dalhgren.

Faise unha votación:

-votos a favor:	17
-votos en contra:	1
-abstencións:	4

Apróbase o Máster "Interuniversitario de Ensinanza do Inglés coma Lingua estranxeira" (anexo VI).

Dentro do mesmo punto 5 presentase a oferta de materias "optativas" e de "libre elección":

-Materias optativas en Traballo Social (1º curso, plano vello): "Introducción ó Traballo Social", "Estructura social contemporánea" e "Traballo Social, Intimidade e outros dereitos"

-Materias de libre elección en Económicas (5º curso, plano vello): "Economía pública" e "Economía industrial".

Apróbanse por asentimento.

No punto 7, elíxese o Xurado de Bolsas:

- PDI:
- Dª Pilar Allegue Agüete, Facultade de Dereito de Ourense,
 - D. Adriano López Pereira, Facultade de Dereito de Ourense,
 - D. Manuel González Piñeiro, E.U. de Formación do Profesorado de EXB de Ourense,
 - Dª Carmen Benso Calvo, Facultade de Humanidade de Ourense, e
 - Dª Mª Flor Pérez Paz, E.U. de Enxeñería Técnica Industrial de Vigo.

- ALUMNO: -D. Alberto Alonso Costas, Facultade de Ciencias de Vigo

No punto 8, faise proposta de renovación das seguintes Comisións:

- Comisión de Docencia, proposta
- D. Francisco Tugores Martorell,
 - Dª Esperanza Fernández Gómez,
 - D. Luis Rodríguez Ennes e
 - D. José Antonio Gómez Barbeito

Faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor da proposta:	16 votos
-en contra:	4
-brancos:	4

Apróbase a renovación da Comisión de Docencia quedando: D. Francisco Tugores Martorell, Dª Esperanza Fernández Gómez, D. Luis Rodríguez Ennes e D. José Antonio Gómez Barbeito, que substitúen ós profesores Becerra Suárez, Vázquez Núnez, Rodríguez Berrocal e García Lloréns.

A Comisión de Innovación Educativa e Estudiantes permanece cos mesmos membros.

- Asuntos Económicos, proposta:
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira

Faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor da proposta:	16 votos
-en contra:	2
-brancos:	6

Apróbase a renovación da Comisión de Asuntos Económicos quedando D. Pedro Antonio Araújo Nespereira que substitúe ó profesor García Lloréns.

- Extensión Universitaria, proposta:
D. Celso Rodríguez Fernández

Faise una votación co seguinte resultado:

-a favor da proposta:	16 votos
-en contra:	0
-brancos:	7
-nulos:	1

Apróbase a renovación da Comisión de Asuntos Económicos quedando D. Celso Rodríguez Fernández que substitúe á profesora Cavada Nieto.

-Ordenación Académica e Validación, proposta:

D. José Chavete Rodríguez e
Dª Mª do Carmo Henríquez Salido

Faise unha votación co seguintes resultado:

-a favor da proposta:	18 votos
-en contra:	1
-brancos:	4
-nulos:	1

Apróbase a renovación da Comisión de Ordenación Académica e Validacións quedando D. José Chavete Rodríguez e Dª Mª do Carmo Henríquez Salido, que substitúen ós profesores Vázquez Núñez e Cavada Nieto.

O Vicerrector de Investigación presenta as propostas dos Departamento (anexo VII) e de acordo co Regulamento de 3º Ciclo fai a seguinte proposta:

- Ámbito de Ciencias: D. Antonio Ibáñez Paniello e D. Alejandro de Carlos Villamarín
- Ámbito Técnológico: Dª Angeles Domínguez Santiago e D. Perfecto Mariño Espiñeira
- Ámbito de Humanidades: D. Jesús González Maestro e D. Jesús Hernández Sánchez (Pontevedra)
- Ámbito Xurídico-Social; D. Abel Fermín Losada Alvarez e D. Fernando José Lorenzo Merino (Ourense).

Faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor da proposta:	15 votos
-en contra:	2 votos
-brancos:	8

Apróbase a renovación dos membros da Comisión de Doutoramento:

-Ámbito de Ciencias:

D. Antonio Ibáñez Paniello e D. Alejandro de Carlos Villamarín

-Ámbito Técnológico:

Dª Angeles Domínguez Santiago e D. Perfecto Mariño Espiñeira

-Ámbito de Humanidades

D. Jesús González Maestro e D. Jesús Hernández Sánchez (Pontevedra)

-Ámbito Xurídico-Social

D. Abel Fermín Losada Alvarez e D. Fernando José Lorenzo Merino (Ourense).

No punto 9, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D. MARIANO PÉREZ-MARTÍNEZ Y PÉREZ-AMOR.- Roga que se solucione o problema da auga na E.T.S. de Enxeñeiros Industriais xa que pode xerar unha grave cuestión (*O Sr. Rector, José Antonio Rodríguez Vázquez di que é consciente diso e está a traballar neste asunto*).

-Dª Mª DO CARMO HENRÍQUEZ SALIDO.- Presenta as súas cuestión por escrito (anexo VIII).

-D. JOSÉ Mª CORREA OTERO.- ratifica o rogo do profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor e manifesta que é extensible a outros centros.

-D. MANUEL XESÚS FONTÁN BOUZAS.- Fai varias preguntas e peticións:

1º.- Cal é a postura que defende o Rector sobre Filoloxía Galega (*O Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que defenderá os acordos dos Órganos colexiados*).

2º.- Pide solución para o problema da reordenación da rúa Alexandre Bóveda no campus de Pontevedra (*O Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que non sabe nada do tema pero interesarase polo asunto*).

3º.- En que estado se atopa o tema da incorporación á Universidade de Vigo da Escola de Relacións Laborais (*O Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que a Escola ten que face-la petición de incorporación á Universidade*).

4º.- Indica que hai unha serie de textos que están á espera de traducir ó galego e pide que se solucione axiña (*O Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que estase buscando a potenciación do Servicio de Normalización Lingüística para resolver este tema*).

-**Dª CARMEN BECERRA SUÁREZ.**- Fai varias peticións:

1º.- Pide que o Secretario indique cando inicia ou remate unha votación (*o Secretario Xeral, Xosé Luís Legido Soto indica que o que marca o comezo ou remate é o presidente*).

2º.- Pide aclaracións sobre un asunto suscitado na Xunta de PDI pola baixa de maternidade dunha profesora (*o Vicerrector de Profesorado, D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal indica que o tema tratarase na próxima Xunta de Goberno*).

3º.- Indica que sobre o tema de Filoloxía Galega o acordo tomado polo Claustro Universitario non é o mesmo que o da Xunta de Goberno, que no acordo do Claustro non se vincula o cambio á nova titulación para o campus (*O Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que ten que defender tódolos acordos tomados nos Órganos colexiados e como indicou antes, ó trasladarse Filoloxía Galega ó campus de Vigo, hai que poñer unha titulación de 2º ciclo no campus de Pontevedra*).

-**D. ANTÓN FERNÁNDEZ ALVAREZ.**- Fai varias preguntas:

1º.- Para cando se levará ó Claustro o regulamento de Centros Adscritos (*O Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que xa insistiu para que a Comisión rematase este*).

2º.- Porque mentres non se arranxa o problema de Filoloxía Galega se intenta buscar unha saída negociado do problema

3º.- Porque neste curso en EXB de Pontevedra non poden elixir como materias optativas as das outras especialidades (*O Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que as pueden elixir como materias de libre configuración*).

-**D. LUIS BERNAL CONDE.**- Presenta por escrito (anexo IX).

-**D. ALEJANDRO V. GÓMEZ SOLER.**- Fai varias preguntas e peticións:

1º.- Pide un maior control sobre os Centros adscritos e en particular na Escola de Relacións Laborais

2º.- Pregunta se os prezos da cafetería son iguais en tódolos centros e quen decide a suba (*o Sr. Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García di que os prezos teñen que se-los mesmos e quen decide as subas é a Universidade*).

3º.- Se é certo que na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais estanse matriculando alumnos en materias que non se imparten (*o Vicerrector de Innovación Educativa e Estudiantes, D. José Angel Vázquez Barquero contesta que as materias vanse dispensar coma de libre configuración*).

-**D. CELSO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.**- Le un comunicado (anexo X).

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 20.20 h. do día 16 de outubro de 1997 da que eu como Secretario dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luís Legido Soto